



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 93
30 de marzo de 2017

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

I 50812 (09/PPLI-000014)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo [23128](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

I 6758 (10/PRE-000960)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da paralización do concurso para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia e a realización dunha nova licitación para favorecer o acceso a ela das pequenas e medianas empresas, o control levado a cabo en relación co cumprimento pola empresa adxudicataria dos termos do contrato asinado no ano 2014, así como as razóns das modificacións introducidas nel e das súas diferentes prórrogas [23133](#)

I 6774 (10/PRE-000961)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a execución dos traballos de dragaxe do porto de Espasante, a realización dalgunha valoración ou estudo das repercusións do seu estado na economía da zona e, se é o caso, os datos obtidos [23137](#)

I 6784 (10/PRE-000962)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Sanidade para resolver as carencias e deficiencias detectadas na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Complexo Hospitalario da Coruña, así como a realización dalgún tipo de investigación en relación coa denuncia interposta diante da xustiza respecto do pasamento dun doente nela [23139](#)

I 6796 (10/PRE-000963)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para o remate dos trámites necesarios para a posta en marcha da liña circular de autobuses entre Ferrol e Cobas [23142](#)

I 6814 (10/PRE-000964)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posible incidencia, na eliminación da arbitrariedade na actuación dos poderes públicos, da exixencia de que o indulto se acompañe das razóns para a súa concesión, así como da motivación dos reais decretos de indulto, e a posición do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da modificación da Lei do 18 de xuño de 1870, de regras para o exercicio da graza de indulto, co fin de prohibilo nos casos de corrupción [23144](#)

I 6831 (10/PRE-000965)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para modificar as condicións do prego de contratación do servizo de limpeza do Centro Residencial Docente e IES Universidade Laboral de Ourense minorando as categorías profesionais e o número de traballadores, a autorización á empresa adxudicataria do ano 2014 para alterar as condicións contractuais da prestación do servizo e as xestións realizadas para o seu cumprimento, así como as medidas previstas ao respecto [23146](#)

I 6837 (10/PRE-000966)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a relación de polígonos industriais que se van dotar de redes de banda larga ultrarrápida dentro do Plan de banda larga de Galicia 2020, así como a dos que van dispor de acceso ás redes de máis de 100 Mbps no ano 2018 [23150](#)

I 6845 (10/PRE-000967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación cos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimsa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, así como as medidas concretas adoptadas ou previstas para defender as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran [23151](#)

I 6856 (10/PRE-000968)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas denuncias referidas á calidade e ao incremento dos prezos do servizo de cafetería, así como dos menús ofertados, no Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee [23154](#)

I 6859 (10/PRE-000969)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Vero, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da introdución de modificacións no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís, co fin de evitar o impacto na actual situación socioeconómica das familias da estimación da inflación do IPC en Galicia en relación coa media estatal, da publicación dun decreto para a conxelación das taxas desas escolas no curso 2017-2018 e do desenvolvemento dunha rede de prazas públicas de escolas infantís que garanta o dereito efectivo ao ensino público na etapa de 0 a 3 anos [23156](#)

I 6868 (10/PRE-000970)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación coa sentenza referida aos gastos hipotecarios e a reclamación polas persoas afectadas da devolución das cantidades cobradas de xeito indebido polas entidades bancarias [23160](#)

I 6875 (10/PRE-000971)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o investimento previsto polo Goberno galego para a mellora enerxética do CPI Virxe do Monte, en Cospeito, e do CEIP Lagostelle, de Guitiriz [23162](#)

I 6879 (10/PRE-000972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa cantidade de cota asignada para o ano 2017 á frota galega do bocarte no caladoiro do Golfo de Cádiz, á vista de datos que reflicten o seu esgotamento xa a mediados do mes de marzo, así como as xestións que vai levar a cabo para garantir unha maior representación desta frota nesa zona [23165](#)

I 6888 (10/PRE-000973)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as razóns da eliminación, nos vehículos oficiais dos axentes medioambientais, das cores específicas, o vinilo coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia e o servizo ao que pertencen, así como da non-dotación a esa frota de sistemas de iluminación prioritaria e da inexistencia dunha uniformidade regulamentada [23167](#)

I 6891 (10/PRE-000974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a nova sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa anulación do concurso eólico [23170](#)

I 6910 (10/PRE-000975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre o impacto en Galicia da entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012 no referido á regulación do convenio especial, no Sistema da Seguridade Social, das persoas coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia, o número de mulleres afectadas polos cambios introducidos e as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central de reposición do dereito desas persoas á cotización á Seguridade Social a cargo da Administración Xeral do Estado [23174](#)

I 6914 (10/PRE-000976)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre os datos referidos aos expedientes incoados pola Xunta de Galicia ás compañías eléctricas no período 2009-2016 [23177](#)

I 6917 (10/PRE-000977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o número de alumnos inscritos, con reserva de praza, en cada un dos centros da provincia da Coruña para estudar o primeiro curso de bacharelato [23179](#)

I 6933 (10/PRE-000979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o traslado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos pais e ás direccións dos centros educativos, no anuncio publicado na súa páxina web o día 21 de marzo, da responsabilidade de garantir o normal funcionamento dos centros ou, se é o caso, suspender a actividade docente os días 22 e 23 de marzo de 2017 por pasar a alerta declarada a un nivel superior [23180](#)

I 6936 (10/PRE-000980)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o anuncio realizado pola Sra. conselleira do Medio Rural, durante a súa vista a unha explotación de gando vacún no concello de Chandrexa de Queixa, dun investimento de 800.000 euros para un plan de pastoreo no Macizo Central, e as razóns existentes para non convidar a ese acto os axentes sociais implicados [23183](#)

I 6940 (10/PRE-000981)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para permitir, de xeito excepcional, o pastoreo nos terreos afectados polos incendios forestais e evitalles aos pastores a carga de multas que están a soportar, así como as súas previsións respecto da simplificación dos requisitos exixidos na solicitude de excepcionalidade [23185](#)

I 6945 (10/PRE-000982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do estado no que se atopan o firme e as beirarrúas da estrada PO-313 ao seu paso polo concello de Moaña, e, en particular, no tramo que discorre nas proximidades do CEIP Quintela, entre os puntos quilométricos 15,690 e 15,760, así como as súas previsións respecto da execución, no ano 2017, de obras para a mellora da súa seguridade viaria

[23189](#)

I 6948 (10/PRE-000983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da derogación da Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, así como as medidas que vai adoptar para garantir o poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

[23191](#)

I 6951 (10/PRE-000984)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre os datos referidos aos expedientes tramitados polo Instituto Galego de Consumo, entre os anos 2005 e 2016, por queixas relacionadas coas empresas do sector eléctrico

[23195](#)

I 6954 (10/PRE-000985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información, as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa supresión de servizos e as incidencias producidas no mes de marzo na liña ferroviaria Renfe-Feve, no tramo Ferrol-Ribadeo, así como as conclusións do estudo que está a realizar o Ministerio de Fomento respecto da súa viabilidade

[23197](#)

I 6958 (10/PRE-000986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co alcance do ticket eléctrico e das outras axudas establecidas para o ano 2016 co fin de combater a pobreza enerxética das familias, a incorporación de medidas correctoras para o seu incremento, e a súa opinión respecto do destino para outros fins dos recursos orzamentarios inicialmente consignados para combater a pobreza enerxética

[23200](#)

I 6966 (10/PRE-000987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coa supresión de dez rexistros da propiedade no rural de Galicia, establecida no Real decreto 195/2017, do 3 de marzo, a súa valoración en relación coas posibles consecuencias para a poboación dos concellos afectados, e a realización de xestións coa Fegamp e eses municipios ao respecto

[23204](#)

I 6975 (10/PRE-000988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación coa supresión de cinco rexistros da propiedade na provincia de Ourense, establecida no Real decreto 195/2017, do 3 de marzo, a avaliación do seu impacto nos retos de fixación de poboación no medio rural, e a realización de xestións coa Fegamp e os municipios afectados ao respecto [23208](#)

I 6978 (10/PRE-000989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa denegación pola Axencia Galega das Industrias Culturais das subvencións solicitadas para o ano 2017 por cinco dos máis relevantes festivais de cine de Galicia, e as súas previsións respecto da procura dalgunha solución para que poidan realizarse [23212](#)

I 6989 (10/PRE-000990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posición do Goberno galego en relación coa supresión do servizo público de nove rexistros da propiedade en Galicia, establecida no Real decreto 195/2017, do 3 de marzo, do Ministerio de Xustiza, a súa negociación cos concellos galegos ou coa Fegamp, o impacto no reequilibrio territorial, o número de postos de traballo que se van destruír, así como a demanda ao Goberno central do seu mantemento [23214](#)

I 6995 (10/PRE-000991)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cualificación da auga como un ben público e un dereito recoñecido, a súa posición en relación coa sustentabilidade na súa planificación e xestión, as súas previsións no tocante á defensa da súa titularidade pública, así como a garantía da súa subministración a toda a cidadanía [23216](#)

I 7002 (10/PRE-000992)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para pechar o Centro de Saúde de Soutelo de Montes, no concello de Forcarei, as consecuencias asistenciais que vai ter, e as previsións ao respecto [23219](#)

I 7003 (10/PRE-000993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ás axudas concedidas polo Goberno galego a todas as empresas do grupo Pescanova dende xaneiro de 2009 ata decembro de 2016 [23221](#)

I 7010 (10/PRE-000994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas e denuncias formuladas respecto da licitación actual dos servizos de limpeza dos edificios administrativos da Xunta

de Galicia, as razóns existentes para non dividir o contrato en lotes, así como as medidas previstas para facilitarlles ás pemes o acceso aos contratos públicos autonómicos, e, en concreto, no sector da limpeza de edificios e locais [23222](#)

I 7017 (10/PRE-000995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das dificultades que teñen en moitos casos os autónomos próximos á xubilación para a continuidade dos seus negocios e da importancia que teñen no artellamento territorial do país, a súa opinión en relación coa necesidade de conservar o know-how que acumularon na súa actividade, así como a dispoñibilidade dalgún plan para abordar esta problemática [23225](#)

I 7022 (10/PRE-000996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha avaliación do impacto que tería no sector naval galego a proposta de renovación da frota pesqueira de altura nos estaleiros da comunidade autónoma, a súa posición en relación co apoio ao sector, ante o anuncio de posibles investimentos desa frota, e as principais liñas de apoio que conformarían esa estratexia, así como o mantemento de contactos cos diversos organismos europeos e do Goberno central ao respecto [23227](#)

I 7027 (10/PRE-000997)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o coñecemento e a opinión do Goberno galego en relación coa situación na que se atopan as beirarrúas da estrada PO-551 ao seu paso polo concello de Moaña, e, en particular, no tramo comprendido entre Caiagua e a Porta do Sol, na parroquia de Domaio, así como as súas previsións respecto da execución, no ano 2017, das obras de mellora da seguridade viaria necesarias nela [23230](#)

I 7032 (10/PRE-000998)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a posible elaboración pola Xunta de Galicia, na actualidade, dun novo decreto para regular as estruturas organizativas de xestión integrada se é o caso, o seu contido e o establecemento nel da dependencia do traballo social do Servizo de Admisión [23233](#)

I 6430 – 6961 (10/PRE-000929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a fase de elaboración en que se atopa a tarxeta do peregrino e o prazo previsto polo Goberno galego para a súa implantación

BOPG n.º 87, do 22.03.2017

[23127](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

I 6960 - 5810 (10/PRE-000872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos á presentación e tramitación das solicitudes de subvención formuladas polos concellos, ao abeiro da Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario do Plan Hurbe, así como a data de esgotamento do crédito inicialmente previsto nela [23235](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 28 de marzo de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Coñecemento das sinaturas e admisión a trámite

- 50812 (09/PPLI-000014)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo

A Mesa acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo e dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 e 124 do Regulamento.

2º. Solicitar da Xunta de Galicia que emita o informe previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, de igualdade de mulleres e homes.

3º. Notificar este acordo á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

4º. Publicar este acordo e o texto da proposición de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 28 de marzo de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 6758 (10/PRE-000960)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da paralización do concurso para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia e a realización dunha nova licitación para favorecer o acceso a ela das pequenas e medianas empresas, o control levado a cabo en relación co cumprimento pola empresa adxudicataria dos termos do contrato asinado no ano 2014, así como as razóns das modificacións introducidas nel e das súas diferentes prórrogas

- 6774 (10/PRE-000961)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a execución dos traballos de dragaxe do porto de Espasante, a realización dalgunha valoración ou estudo das repercusións do seu estado na economía da zona e, se é o caso, os datos obtidos

- 6784 (10/PRE-000962)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Sanidade para resolver as carencias e deficiencias detectadas na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Complexo Hospitalario da Coruña, así como a realización dalgún tipo de investigación en relación coa denuncia interposta diante da xustiza respecto do pasamento dun doente nela

- 6796 (10/PRE-000963)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para o remate dos trámites necesarios para a posta en marcha da liña circular de autobuses entre Ferrol e Cobas

- 6814 (10/PRE-000964)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posible incidencia, na eliminación da arbitrariedade na actuación dos poderes públicos, da existencia de que o indulto se acompañe das razóns para a súa concesión, así como da motivación dos reais decretos de indulto, e a posición do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da modificación da Lei do 18 de xuño de 1870, de regras para o exercicio da graza de indulto, co fin de prohibilo nos casos de corrupción

- 6831 (10/PRE-000965)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para modificar as condicións do prego de contratación do servizo de limpeza do Centro Residencial Docente e IES Universidade Laboral de Ourense minorando as categorías profesionais e o número de traballadores, a autorización á empresa adxudicataria do ano 2014 para alterar as condicións contractuais da prestación do servizo e as xestións realizadas para o seu cumprimento, así como as medidas previstas ao respecto

- 6837 (10/PRE-000966)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a relación de polígonos industriais que se van dotar de redes de banda larga ultrarrápida dentro do Plan de banda larga de Galicia 2020, así como a dos que van dispor de acceso ás redes de máis de 100 Mbps no ano 2018

- 6845 (10/PRE-000967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación cos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimisa nos concellos de Mesía, Oroso, Ordes e Frades, así como as medidas concretas adoptadas ou previstas para defender as terras agrarias afectadas e os postos de traballo que xeran

- 6856 (10/PRE-000968)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas denuncias referidas á calidade e ao incremento dos prezos do servizo de cafetería, así como dos menús ofertados, no Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee

- 6859 (10/PRE-000969)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da introdución de modificacións no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís, co fin de evitar o impacto na actual situación socioeconómica das familias da estimación da inflación do IPC en Galicia en relación coa media estatal, da publicación dun decreto para a conxelación das taxas desas escolas no curso 2017-2018 e do desenvolvemento dunha rede de prazas públicas de escolas infantís que garanta o dereito efectivo ao ensino público na etapa de 0 a 3 anos

- 6868 (10/PRE-000970)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación coa sentenza referida aos gastos hipotecarios e a reclamación polas persoas afectadas da devolución das cantidades cobradas de xeito indebido polas entidades bancarias

- 6875 (10/PRE-000971)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o investimento previsto polo Goberno galego para a mellora enerxética do CPI Virxe do Monte, en Cospeito, e do CEIP Lagostelle, de Guitiriz

- 6879 (10/PRE-000972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa cantidade de cota asignada para o ano 2017 á frota galega do bocarte no caladoiro do Golfo de Cádiz, á vista de datos que reflicten o seu esgotamento xa a mediados do mes de marzo, así como as xestións que vai levar a cabo para garantir unha maior representación desta frota nesa zona

- 6888 (10/PRE-000973)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as razóns da eliminación, nos vehículos oficiais dos axentes medioambientais, das cores específicas, o vinilo coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia e o servizo ao que pertencen, así como da non-dotación a esa frota de sistemas de iluminación prioritaria e da inexistencia dunha uniformidade regulamentada

- 6891 (10/PRE-000974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a nova sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa anulación do concurso eólico

- 6910 (10/PRE-000975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre o impacto en Galicia da entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012 no referido á regulación do convenio especial, no Sistema da Seguridade Social, das persoas coidadoras non profesionais de persoas en situación de dependencia, o número de mulleres afectadas polos cambios introducidos e as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central de reposición do dereito desas persoas á cotización á Seguridade Social a cargo da Administración Xeral do Estado

- 6914 (10/PRE-000976)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre os datos referidos aos expedientes incoados pola Xunta de Galicia ás compañías eléctricas no período 2009-2016

- 6917 (10/PRE-000977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o número de alumnos inscritos, con reserva de praza, en cada un dos centros da provincia da Coruña para estudar o primeiro curso de bacharelato

- 6933 (10/PRE-000979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o traslado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos pais e ás direccións dos centros educativos, no anuncio publicado na súa páxina web o día 21 de marzo, da

responsabilidade de garantir o normal funcionamento dos centros ou, se é o caso, suspender a actividade docente os días 22 e 23 de marzo de 2017 por pasar a alerta declarada a un nivel superior

- 6936 (10/PRE-000980)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o anuncio realizado pola Sra. conselleira do Medio Rural, durante a súa vista a unha explotación de gando vacún no concello de Chandrexa de Queixa, dun investimento de 800.000 euros para un plan de pastoreo no Macizo Central, e as razóns existentes para non convidar a ese acto os axentes sociais implicados

- 6940 (10/PRE-000981)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para permitir, de xeito excepcional, o pastoreo nos terreos afectados polos incendios forestais e evitarlles aos pastores a carga de multas que están a soportar, así como as súas previsións respecto da simplificación dos requisitos exixidos na solicitude de excepcionalidade

- 6945 (10/PRE-000982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do estado no que se atopan o firme e as beirarrúas da estrada PO-313 ao seu paso polo concello de Moaña, e, en particular, no tramo que discorre nas proximidades do CEIP Quintela, entre os puntos quilométricos 15,690 e 15,760, así como as súas previsións respecto da execución, no ano 2017, de obras para a mellora da súa seguridade viaria

- 6948 (10/PRE-000983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da derogación da Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, así como as medidas que vai adoptar para garantir o poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

- 6951 (10/PRE-000984)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre os datos referidos aos expedientes tramitados polo Instituto Galego de Consumo, entre os anos 2005 e 2016, por queixas relacionadas coas empresas do sector eléctrico

- 6954 (10/PRE-000985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información, as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa supresión de servizos e as incidencias producidas no mes de marzo na liña ferroviaria Renfe-Feve, no

tramo Ferrol-Ribadeo, así como as conclusións do estudo que está a realizar o Ministerio de Fomento respecto da súa viabilidade

- 6958 (10/PRE-000986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co alcance do ticket eléctrico e das outras axudas establecidas para o ano 2016 co fin de combater a pobreza enerxética das familias, a incorporación de medidas correctoras para o seu incremento, e a súa opinión respecto do destino para outros fins dos recursos orzamentarios inicialmente consignados para combater a pobreza enerxética

- 6966 (10/PRE-000987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coa supresión de dez rexistros da propiedade no rural de Galicia, establecida no Real decreto 195/2017, do 3 de marzo, a súa valoración en relación coas posibles consecuencias para a poboación dos concellos afectados, e a realización de xestións coa Fegamp e eses municipios ao respecto

- 6975 (10/PRE-000988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego en relación coa supresión de cinco rexistros da propiedade na provincia de Ourense, establecida no Real decreto 195/2017, do 3 de marzo, a avaliación do seu impacto nos retos de fixación de poboación no medio rural, e a realización de xestións coa Fegamp e os municipios afectados ao respecto

- 6978 (10/PRE-000989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa denegación pola Axencia Galega das Industrias Culturais das subvencións solicitadas para o ano 2017 por cinco dos máis relevantes festivais de cine de Galicia, e as súas previsións respecto da procura dalgunha solución para que poidan realizarse

- 6989 (10/PRE-000990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posición do Goberno galego en relación coa supresión do servizo público de nove rexistros da propiedade en Galicia, establecida no Real decreto 195/2017, do 3 de marzo, do Ministerio de Xustiza, a súa negociación cos concellos galegos ou coa Fegamp, o impacto no reequilibrio territorial, o número de postos de traballo que se van destruír, así como a demanda ao Goberno central do seu mantemento

- 6995 (10/PRE-000991)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cualificación da auga como un ben público e un dereito recoñecido, a súa posición en relación coa sustentabilidade na súa planificación e xestión, as súas previsións no tocante á defensa da súa titularidade pública, así como a garantía da súa subministración a toda a cidadanía

- 7002 (10/PRE-000992)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para pechar o Centro de Saúde de Soutelo de Montes, no concello de Forcarei, as consecuencias asistenciais que vai ter, e as previsións ao respecto

- 7003 (10/PRE-000993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ás axudas concedidas polo Goberno galego a todas as empresas do grupo Pescanova dende xaneiro de 2009 ata decembro de 2016

- 7010 (10/PRE-000994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas e denuncias formuladas respecto da licitación actual dos servizos de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia, as razóns existentes para non dividir o contrato en lotes, así como as medidas previstas para facilitarlles ás pemes o acceso aos contratos públicos autonómicos, e, en concreto, no sector da limpeza de edificios e locais

- 7017 (10/PRE-000995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das dificultades que teñen en moitos casos os autónomos próximos á xubilación para a continuidade dos seus negocios e da importancia que teñen no artellamento territorial do país, a súa opinión en relación coa necesidade de conservar o know-how que acumularon na súa actividade, así como a dispoñibilidade dalgún plan para abordar esta problemática

- 7022 (10/PRE-000996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha avaliación do impacto que tería no sector naval galego a proposta de renovación da frota pesqueira de altura nos estaleiros da comunidade autónoma, a súa posición en relación co apoio ao sector, ante o anuncio de posibles investimentos desa frota, e as principais liñas de apoio que conformarían esa estratexia, así como o mantemento de contactos cos diversos organismos europeos e do Goberno central ao respecto

- 7027 (10/PRE-000997)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o coñecemento e a opinión do Goberno galego en relación coa situación na que se atopan as beirarrúas da estrada PO-551 ao seu paso polo concello de Moaña, e, en particular, no tramo comprendido entre Caiagua e a Porta do Sol, na parroquia de Domaio, así como as súas previsións respecto da execución, no ano 2017, das obras de mellora da seguridade viaria necesarias nela

- 7032 (10/PRE-000998)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a posible elaboración pola Xunta de Galicia, na actualidade, dun novo decreto para regular as estruturas organizativas de xestión integrada se é o caso, o seu contido e o establecemento nel da dependencia do traballo social do Servizo de Admisión

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 6430 – 6961 (10/PRE-000929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a fase de elaboración en que se atopa a tarxeta do peregrino e o prazo previsto polo Goberno galego para a súa implantación

BOPG n.º 87, do 22.03.2017

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 6961.

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 6960 - 5810 (10/PRE-000872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos á presentación e tramitación das solicitudes de subvención formuladas polos concellos, ao abeiro da Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario do Plan Hurbe, así como a data de esgotamento do crédito inicialmente previsto nela

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

- I. Consonte ao artigo 4 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galiza (LILP), formulan, en calidade de Comisión Promotora, escrito de promoción da iniciativa lexislativa popular para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital de Montecelo.
- II. En cumprimento do disposto nos artigos 1 e 5 LILP, declaran baixo promesa seren maiores de idade, gozaren da condición política de galegos ou galegas, estaren inscritas no censo electoral e non estaren incursas en causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicábeis nas eleccións ao Parlamento de Galiza.
- III. De acordo co artigo 4.c) LILP, sinalan o seguinte enderezo para cursar as notificacións e comunicacións que sexan precisas: rúa de Pedro de Alcántara n.º 7 5ºK – 36003 Pontevedra; teléfono 699 461 953; correo electrónico anxoricon@mundo-r.com. Os asinantes autorizan a D. Manuel Ángel RICÓN REGUERA a presentar e recibir escritos e documentos en nome da Comisión Promotora.
- IV. Para os efectos do artigo 4.b) LILP, as razóns que aconsellan a tramitación da presente iniciativa lexislativa popular son, a xuízo dos asinantes, as seguintes: o Complexo Hospitalario de Pontevedra está composto actualmente por dous

edificios separados por unha considerábel distancia. Un deles, o Hospital Provincial, dificilmente cumpre as condicións mínimas de calidade e confort. Esta situación é incompatíbel cos estándares sanitarios propios dunha sociedade avanzada e afecta negativamente ao dereito constitucional á saúde dunha poboación de case 300.000 persoas. A solución pasa por crear un hospital único para Pontevedra mediante a ampliación do Hospital de Montecelo, mantendo o uso sanitario do edificio do actual Hospital Provincial após as necesarias reformas. Estas actuacións deben preservar o carácter público do Hospital, tanto no financiamento das obras como na súa xestión cotián.

V. De acordo co artigo 4.a) LILP, expónse a seguir o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos:

PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, PARA A CREACIÓN DO HOSPITAL PÚBLICO E ÚNICO DE PONTEVEDRA MEDIANTE A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL MONTECELO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 43 da Constitución recoñece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia da Comunidade Autónoma de Galiza, consonte aos artigos 148 e 149 da Constitución e ao artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuran o seu réxime económico.

Na asistencia sanitaria pública na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra-Salnés (EOXI-PS) existen múltiples problemas. Entre eles, e sen ánimo de exhaustividade, poden mencionarse os seguintes: moitos Centros de Saúde están moi deteriorados, masificados e mal equipados, o que limita a súa capacidade resolutiva e dificulta o acceso da poboación a asistencia sanitaria; os Servizos de Saúde Mental

25 MAI. 2016

Núm. 50812

presentan unha manifesta escaseza de recursos persoais e unhas estruturas asistenciais inadecuadas e mal situadas; os Puntos de Atención Continuada (PAC) carecen dos recursos diagnósticos necesarios para atender a demanda, coa conseguinte saturación dos Servizos de Urgencias Hospitalarios, nomeadamente o de Montecelo, que sofre colapsos recorrentes e que obriga os enfermos a permaneceren horas en corredores, cadeiras e padiolas; o afastamento dos servizos de referencia que foron trasladados de Vigo a Santiago ten importantes repercusións asistenciais e económicas para os usuarios; os recursos de Rehabilitación Extrahospitalaria son moi limitados, e teñen listas de espera que obriga e derivar pacientes a centros privados de menor calidade que os públicos; o Centro de Orientación Familiar que ten sufrido importantes recortes que poñen en cuestión o carácter integral da atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres das áreas sanitarias de Pontevedra e o Salnés; os Servizos de Atención ás Drogodependencias, en situación moi deficitaria polos recortes orzamentarios; o funcionamento do Hospital do Salnés resulta pouco funcional ao non estaren ben clarificadas as súas funcións, e o seu nivel de autonomía respecto do resto das estruturas asistenciais da EOXI-PS.

Ademais, e esa é a motivación esencial desta Lei, no Complexo Hospitalario de Pontevedra existen outros problemas importantes, que están en íntima relación coa necesidade de finalizar unha longa etapa na que a ausencia de investimentos substanciais na principal infraestrutura sanitaria da EOXI-PS é clamorosa:

En primeiro lugar, o Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) segue dividido en dous edificios separados por quilómetros de distancia. Esta circunstancia xera problemas no funcionamento dos servizos, obriga a que os profesionais teñan que perder tempo a cotío indo dun hospital ao outro e, sobre todo, ocasiona incomodidade e riscos para doentes e familiares, así como traslados continuos en ambulancias.

En segundo lugar, as actividades de hospitalización de doentes mantéñense nun Hospital Provincial que non cumpre as condicións mínimas de calidade e confort que debe ter un hospital de agudos no século XXI, dado o deterioro que sofre polo paso do tempo e a ausencia de investimentos, con cuartos e corredores inadecuados, problemas de regulación térmica, malos cheiros, roedores, etc., impropios dunha atención digna e de calidade.

Nesta situación, o dereito constitucional a unha sanidade pública universal e de calidade, a necesidade de optimización no uso dos recursos e infraestruturas públicas existentes, a comenencia dunha calidade asistencial hospitalaria que evite a xeneralización de demoras na planificación sanitaria, a preservación de noso sistema sanitario público, que é unha referencia internacional, son razóns suficientes para que esta lei se cumpra e se desenvolva o nela establecido.

TEXTO ARTICULADO

Artigo 1. Ampliación do Hospital de Montecelo, construíndo o Hospital público e único de Pontevedra.

1. A Xunta de Galiza porá en marcha, con carácter urgente, os trámites necesarios para a construción do Novo Hospital de Pontevedra, no cal se integrarán os servizos hospitalarios que xa veñen funcionando nos edificios actuais do hospitais de Montecelo e Provincial, así como aqueloutros novos servizos que sexa preciso crear para atender correctamente a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés.
2. O Novo Hospital de Pontevedra, resultado da ampliación do Hospital de Montecelo, será construído con financiamento plenamente público e a súa xestión será tamén totalmente pública.

Artigo 2. Mantemento do uso sanitario do edificio do Hospital Provincial

1. O edificio do Hospital Provincial manterá o uso sanitario unha vez que o Novo Hospital de Pontevedra entre en funcionamento.
2. Así, tras as necesarias obras de adaptación, no edificio do Hospital Provincial situaranse os servizos sanitarios como os seguintes: Servizo de Urgencias Extrahospitalario, Unidade de Saúde Mental Comunitaria, un novo Centro de Atención Primaria, Servizo de Rehabilitación Extrahospitalario, Centro de Orientación Familiar, Centro de Atención Integral a Drogodependentes, camas para atención de enfermos crónicos, e Hospital de Día para persoas

dependentes, así como outros de nova creación que sexan precisos para unha atención de calidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Autorízase a Xunta de Galiza para ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta Lei, previa consulta coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito da sanidade.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Fican derogadas as disposicións anteriores que se opoñan ao disposto na presente Lei.



DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo exposto:

SOLICITAN Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA: Que teña por formulado o presente escrito de promoción de iniciativa lexislativa popular, acordando a súa admisión a trámite para, unha vez cumpridos os trámites legais, incluída a recolla e presentación de, como mínimo, dez mil sinaturas debidamente autenticadas de cidadáns e cidadás, publique a presente proposición de lei conforme ao artigo 123 do Regulamento da Cámara para a súa toma en consideración no Pleno e subseguinte tramitación parlamentaria.

Pontevedra, 20 de maio de 2016.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6758
Data envío: 16/03/2017 18:37:48.228

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á situación do contrato do Servizo de Limpeza dos Edifícios Administrativos da Xunta de Galiza.

O Comité de Empresa de Compostela de Grupo Norte-Limpeza da Xunta de Galiza, puxéronse en contacto co Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego para facernos chegar toda unha serie de irregularidades que teñen apreciado na licitación do Servizo de Limpeza da Xunta de Galiza.

Con data 31 de outubro de 2014 a Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asina o contrato de adxudicación do Servizo de Limpeza dos Edifícios Administrativos da Xunta de Galiza á empresa Limpezas Pisuerga Grupo Norte S.A. LIMPISA. A vixencia do contrato establécese por un período de un ano, entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de outubro de 2015. Este contrato foi obxecto de diferentes modificacións, a primeira xa se realizou no mesmo mes da adxudicación do contrato, outubro 2014, a seguintes foron: decembro 2014, febreiro 2015, setembro 2015 e maio 2016.

Estas modificacións foron acompañadas tamén de diferentes prórrogas do contrato: 1 de novembro 2015 a 30 de abril de 2016, 1 de maio 2016 a 31 de outubro 2016, 1 de novembro 2016 a 30 de novembro de 2016 e do 1 de decembro de 2016 a 30 de abril de 2017.

Os representantes sindicais denuncian que son moitas as irregularidades detectadas no cumprimento do contrato, mantemento do número de traballadores/as establecido, substitucións, diferenza entre as contías cobradas e as oficiais, persoal que aparece no contrato



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6758
Data envío: 16/03/2017 18:37:48.228

e na relación de postos de traballo que ninguén coñece, persoal con antigüidade recoñecida que non aparece no cadro de persoal poucos meses antes, pluses de cuantías moi relevantes que non se corresponden co establecido en convenio...

Denuncia tamén o Comité de Empresa que a Administración, non só non estivo a velar polo cumprimento do contrato, senón que se lle ten denegado sistematicamente a documentación do concurso, a pesares de tela solicitado en varias ocasións.

Ao mesmo tempo representantes das Asociacións de Empresarios de Limpeza de Galiza trasladáronnos a preocupación e inquedanza que xerou no sector este “macroconcurso”, que na práctica, impide a participación das pequenas e medianas empresas no mesmo, xa que ningunha pode facer fronte ás condicións económicas dun importe tan elevado do mesmo, ao mesmo tempo que alertan da destrución de emprego directo e indirecto e da redución de ingresos polos impostos correspondentes toda vez que as empresas que acaban levando estes concursos son de fóra de Galiza.

Estas asociacións empresarias presentaron recurso, solicitando a anulación do procedemento de contratación, que lle foi desestimado.

Lonxe de clarificar a situación, a Xunta de Galiza facía público o 3 de xaneiro o novo concurso para a adxudicación do Servizo de Limpeza dos Edifícios Administrativos da Xunta de Galiza, nun claro exercicio de irresponsabilidade, constatada no feito de que a escasos días de rematar o prazo para presentar as ofertas seguía sen haber información clara de cal era o número de traballadores/as, dereitos recoñecidos, persoal que ten que ser subrogado... Información toda ela relevante para as empresas que teñan interese en presentar ofertas.

Diante desta situación fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6758
Data envío: 16/03/2017 18:37:48.228

-Vai proceder á paralización do concurso para a adxudicación do Servizo de Limpeza dos Edifícios Administrativos da Xunta de Galiza tal como demandan o Comité de Empresa e as Asociacións de Empresari@s de Limpeza de Galicia?

-Que control ten realizado a Xunta de Galiza do cumprimento do contrato do Servizo de Limpeza dos Edifícios Administrativos da Xunta de Galiza á empresa Limpezas Pisuerga Grupo Norte S.A. LIMPISA, hoxe Grupo Norte Agrupación Empresarial de Servicios, S.L ?

-Cal é a razón da negativa constante por parte da Xunta a facilitar a información dos datos das ofertas técnicas e económicas á presidenta do Comité de Empresa?

-Coida que poden @s traballadores/as defender os seus dereitos sen coñecer as condicións do contrato?

-Vai realizar unha nova licitación, na que se establezan mecanismos para favorecer que o tecido empresarial galego, de pequena e mediana empresa, teña accesibilidade á mesma?

-Coida que esta licitación favorece ao tecido empresarial galego?

-Cal é a razón de que nun período de pouco máis de dous anos se realicen cinco modificacións ao contrato inicial e 4 prórrogas?

-Coida o Goberno galego, que coa situación descrita, unha empresa que teña intención de presentarse ao concurso, ten a información certa e precisa?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6758
Data envío: 16/03/2017 18:37:48.228

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2017 18:35:51

Noa Presas Bergantiños na data 16/03/2017 18:35:56

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2017 18:36:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/03/2017 18:36:03

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2017 18:36:07

Ana Pontón Mondelo na data 16/03/2017 18:36:10

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O porto de Espasante precisa dunha dragaxe, que vén reclamando dende hai anos. Os sectores da pesca, o marisqueo e o turismo, vense afectados negativamente polas consecuencias da falta de calado.

A dársena do porto actualmente non cumpre coas condicións mínimas de seguridade. A area acumúlase ano tras ano sen que a promesa do Partido Popular de dragalo se chegue a realizar. Actualmente, segundo avisan dende a confraría, o calado é tan pequeno que a maior parte das embarcacións, xa sexan de recreo ou de pesca, teñen que buscar outros portos onde amarrar, como por exemplo o de Cariño.

O estado de abandono do porto é visible, xa que incluso a grúa, que deixou de usarse, porque no lugar de izamento, non había calado suficiente, que garantise a seguridade dos barcos, tivo que ser retirada polo seu deterioro. Actualmente, non hai grúa.

O sector marisqueiro tamén está a sufrir perdas importantes, sobre todo na produción de berberecho, debido á acumulación constante da area. Segundo os datos aportados pola propia confraría, os quilos extraídos de ameixa e berberecho, reducíronse notablemente, tal e como amosa o seguinte cadro:

ANO	2014	2015	2016
AMEIXA FINA	3.166	3.024	1.711
BERBRECHO	30.005	26.216	10.778

En consecuencia, en 2016 só se facturaron uns 105.000€.

Grupo Parlamentario

O sector turístico tamén se resinte, xa que as embarcacións de recreo non poden acceder á dársena, co que os navegantes buscan outros portos. Incluso, unha empresa, que ofrecía o servizo de catamarán, tivo que retiralo, xa que agora, debido á falta de calado non é posible realizalo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo isto a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación as seguintes preguntas:

1ª) En que data ten previsto o Goberno galego levar a cabo a dragaxe do porto de Espasante?

2ª) Ten o Goberno galego feito algunha valoración ou estudo de como está a afectar o deficiente estado do porto de Espasante na economía da zona, no seu caso cales foron os datos obtidos?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 17/03/2017 11:22:00

Julio Torrado Quintela na data 17/03/2017 11:22:16

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/03/2017 11:22:23

A MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Diferentes colectivos e profesionais, veñen denunciando dende fai moito tempo os duros recortes que está a sufrir de xeito particular a asistencia na saúde mental.

Aos acontecementos en Conxo, sumamos tamén o sucedido na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Complexo Hospitalario da Coruña, coa morte dunha persoa, feito que foi denunciado ante a Xustiza.

A Unidade de Hospitalización Psiquiátrica, ten importantes carencias xa denunciadas que veñen sostidas no tempo e que conlevan importantes danos nos dereitos asistenciais dos pacientes da Área da Coruña, así como na calidade asistencia esixible nun servizo sanitario público.

Existen diferentes déficits de dotación profesional, infraestrutura residencia e funcionamento que comprometerían a posibilidade de apertura da Unidade, por incumprimento das esixencias mínimas que a propia Consellería de Sanidade dispón para autorizar centros sanitarios, alonxándose tamén dos estándares básicos de acreditación propostos polo Ministerio de Sanidade.

Neste marco de deficiencias poderíamos situar algunhas das seguintes:

- Insuficiente espazo para actividades común dos pacientes e para a relación destes coas súas familias cando os visitan.



- A metade das habitacións deste Unidade son de 3 camas e non dispoñen de baño na habitación, diferenciando deste xeito a estes pacientes respecto das persoas afectadas por outras enfermidades.
- Existe unha habitación para a contención mecánica colectiva (dotada de 3 camas separadas por cortinas) nas que é habitual que se xunten ambos sexos simultaneamente.
- Escaseza de persoal. Un só psiquiatra xunto cun MIR cobren a garda dos Complexo xunto coa da UHP, non existen celadores e sería necesario contratar a 11 profesionais máis de enfermería.
- Falta de transparencia na selección de facultativos de psiquiatría para a cobertura de prazas temporais.

Esta situación, dana gravemente o dereito a un tratamento para as persoas alí ingresadas, en condicións de igualdade cos demais usuarios do SERGAS.

Por todo o anterior e ante a falta de resposta da Consellería, o Grupo Parlamentario de **En Marea** presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- **Vai a levar a cabo a consellería algunha actuación para solventar as deficiencias que os colectivos e profesionais están a denunciar na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Complexo Hospitalario da Coruña?**
- **Que tipo de actuacións pensa levar a cabo para poner solución as deficiencias denunciadas?**
- **Que información ten a Consellería en relación á denuncia interposta na Xustiza polo morte dun paciente nesta unidade?**



- **Pensa levar a cabo algún tipo de investigación?**

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 17/03/2017 14:35:07

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, **relativa aos trámites oportunos a realizar pola Xunta de Galicia para poder habilitar a posta en marcha da liña circular de autobuses entre Ferrol e Cobas**.

Os horarios do transporte público, nas zonas rurais do Concello de Ferrol, non dan servizo nos horarios de máis demanda como son os correspondentes ás citas nos centros de saúde e aos horarios de entrada e saída dos centros escolares. Todo elo provoca grandes inconvenientes persoais e económicos a moitos veciños das zonas afectadas.

Nunha asemblea moi concorrida de veciños da zona de Cobas, realizada o 28 de outubro, tanto o Concello como a compañía concesionaria (Monbús) mostraron a súa conformidade cos horarios propostos polos veciños e comprometéronse a facer a solicitude á Dirección Xeral de Mobilidade.

En data 31 de outubro de 2016 o Concello de Ferrol solicitou á Dirección Xeral de Mobilidade que se realicen os trámites oportunos para poder habilitar a posta en marcha da liña circular no prazo máis breve posible.

En datas recentes, nunha comparecencia en Pleno da Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Dña. Ethel Vázquez manifestou que non habería problema para solucionar o asunto cando o Concello de Ferrol o solicitase; como se ve descoñecedora de que a solicitude foi realizada meses atrás.



A este fin, En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

-Tendo en conta que a solicitude, para a posta en marcha da liña, leva en poder da Dirección Xeral de Mobilidade cinco meses, cando teñen previsto finalizar os trámites para poder habilitar a posta en marcha de dita liña?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 20/03/2017 09:50:16

Marcos Cal Ogando na data 20/03/2017 09:51:36

Antón Sánchez García na data 20/03/2017 09:51:51

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Expresamente recoñecido na Constitución de 1978, en concreto, no seu artigo 62.i), o exercicio do dereito de gracia atópase regulado na lei de 18 de xuño de 1870, modificada no ano 1988.

É certo que o Tribunal Supremo ten fixado unha liña xurisprudencial reiterada pola que entende o indulto como un acto controlable en vía xurisdiccional, pero só nos seus aspectos formais, polo que se ten excluído ata o de agora sobre a motivación da decisión de indulto. Mais tamén é necesario comprendelo como un recurso excepcional, só democraticamente asumible cando na súa concesión concorran razóns de Xustiza, equidade ou utilidade pública e sen perder de vista a súa incidencia na reinserción social do condenado, para así cumprir coa finalidade do artigo 25 da Constitución.

Claramente, este grupo parlamentario entende que non está xustificado o seu uso nos casos de corrupción. Por outro lado, a prohibición da arbitrariedade na actuación dos poderes públicos que consagra o artigo 9.3 da Constitución supón a prohibición de toda actuación sen xustificación, polo que este artigo impide que a discrecionalidade que en determinados ámbitos gozan os poderes públicos no seu labor sexa sinónimo de arbitrariedade. E o mellor modo de evitar unha conduta arbitraria é esixir que todo indulto, total ou parcial, veña acompañado das razóns para a súa concesión, é dicir, que os reais decretos de indulto sexan motivados. Porque a transparencia ha de presidir a actuación de todas as administracións.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que a transparencia é un principio que debe presidir a actuación de todas as administracións?

 Grupo Parlamentario

2. Comparte o Goberno galego que a esixencia de que o indulto se acompañe das razóns para a súa concesión eliminará a arbitrariedade na actuación dos poderes públicos?
3. Comparte o Goberno galego que esixir que os reais decretos de indulto sexan motivados eliminará a arbitrariedade na actuación dos poderes públicos?
4. Apoia o Goberno galego que se esixa ao Goberno do Estado a modificación da Lei do indulto de 1870 para prohibilo nos casos de corrupción?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Juan Manuel Díaz Villoslada

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/03/2017 16:54:33

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/03/2017 16:54:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2017 16:54:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:50
Nº Rexistro: 6831
Data envío: 20/03/2017 17:50:55.728

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás cláusulas técnicas contidas no prego para a nova adxudicación do servizo de limpeza do centro educativo Universidade laboral de Ourense.

O ensino é un dos servizos básicos fundamentais do que desfrutan os galegos e galegas no noso país e cuxa xestión corresponde competencialmente á Xunta de Galiza, que debe velar pola súa calidade, para a que ten un papel fundamental o mantemento, limpeza e conservación das instalacións correspondentes.

No DOG núm. 55 do luns 20 de marzo de 2017 aparece publicada a resolución do 10 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da contratación documentalmente simplificada do servizo de limpeza no CRD e IES Universidade Laboral de Ourense (expediente ED-01/17 SE) cuxo organismo adxudicador é, xa que logo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O citado centro tivo en período recente incumprimentos diversos por parte da que foi a empresa adxudicataria no anterior concurso, Serlym Galicia S.L, conforme foi denunciado laboralmente por parte de traballadores e traballadoras e conforme preguntou este grupo parlamentar. Segundo o prego de prescricións técnicas que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:50
Nº Rexistro: 6831
Data envío: 20/03/2017 17:50:55.728

rexeron o concurso anterior en maio de 2014 o persoal que debía prestar os seus servizos neste centro constaba de: 1 persoa encargada, 15 persoas limpadoras e 1 persoa peón especialista. Esta condición cumpriuse até o momento da xubilación dunha persoa que desenvolvía as labores de limpadora. Nese momento a empresa adxudicataria, Serlym Galicia S.L., contratou unha persoa pero nunha categoría e con cometidos diferentes. Neste caso a nova contratación realizouse para a categoría de peón, polo que se incumpriron as citadas prescricións contractuais incorréndose ademais nunha vulneración de dereitos laborais conforme foi recollido por diversas sentenzas xudiciais.

Coñecido o novo prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo de limpeza do centro residencial docente e IES “Universidade Laboral” de Ourense chama poderosamente a atención que malia o descrito e malia terse ampliado unha nova nave de máis de 400 metros cadrados nos últimos tempos non só non se aumente o número de traballadores e traballadoras senón que diminúe e contéplase unicamente: 15 traballadores e traballadoras con categoría de limpador ou limpadora a xornada completa. Polo tanto, mudan as categorías laborais e rebáixase o persoal.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as motivacións por parte do Goberno galego para mudar as condicións do prego de contratación minorando as categorías profesionais e o número de traballadores e traballadoras?

2. Considera o Goberno galego que malia aumentar o espazo a limpar e diminuír o número de traballadores e traballadoras está en condicións de manter as instalacións nun estado adecuado?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:50
Nº Rexistro: 6831
Data envío: 20/03/2017 17:50:55.728

3. A respecto da adxudicataria de 2014, foille comunicado e autorizado polo órgano de contratación a alteración das condicións contractuais da prestación deste servizo? Diante dos feitos relatados, fixo o órgano de contratación algunha xestión ante a empresa adxudicataria para que se cumpriran todas as cláusulas e prescricións dos pregos e para que se respectaran todos os dereitos laborais dos e das súas traballadoras?

4. Considera axeitado que o novo prego de contratación só teña en conta criterios de igualdade en caso de empate malia tratarse dun traballo fortemente feminizado?

5. Que medidas ten previsto realizar o Goberno galego, para no seu caso, resolver as cuestións recollidas en caso de que os prazos determinen unha nova adxudicación coas insuficiencias relatadas?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 17:50
Nº Rexistro: 6831
Data envío: 20/03/2017 17:50:55.728

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2017 17:49:27

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2017 17:49:31

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2017 17:49:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2017 17:49:38

Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2017 17:49:42

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2017 17:49:45

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

1ª) Cal é o listado de polígonos industriais aos que se dotará de redes de banda larga ultrarrápida dentro do *Plan de Banda Larga de Galicia 2020*?

2ª) Cal é o listado dos polígonos industriais que disporán de acceso ás redes de máis de 100 Mbps no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/03/2017 18:03:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/03/2017 18:03:14



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6845
Data envío: 20/03/2017 18:14:54.856

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A empresa norueguesa ERIMSA pretende levar a cabo proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.

Nestes momentos están en fase de exposición pública un proxecto extractivo na parroquia de Xanceda (Mesía), e tres permisos de investigación que afectarían ós concellos de Frades, Oroso e Ordes.

Estamos a falar dunha superficie de 6.721Has. de terras agropecuarias, na súa meirande parte, de primeira calidade, que sustentan case duascenas granxas das cales o 90% son de leite que dan ocupación directa arredor de cincocentas persoas.

O perigo real deste tipo de explotacións mineiras e a tenor do ocorrido noutras parroquias xa prospectadas e explotadas é o carácter irreversible ou no mellor dos casos custosa recuperación, en tempo e medios, da fertilidade das terras afectadas.

Estamos a falar de terras agrarias que sufriron proxectos de concentración onde se investiron diñeiros do erario público na súa mellora e que se ven ameazados recibindo un lucro por hectárea exíguo.

Estes proxectos supoñen un pequeno molete de pan pra hoxe e fame pra callada pra mañá ó deixa-la terras en situación de aridez case permanente.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6845
Data envío: 20/03/2017 18:14:54.856

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Está o goberno da Xunta ó tanto destes proxectos extractivos de seixo nos concellos de Oroso, Frades, Ordes e Mesía?

-Ten tomado o previsto tomar algunha medida concreta na defensa das terras agrarias ameazadas e dos postos de traballo en perigo?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/03/2017 18:13:10

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2017 18:13:16



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2017 18:14
Nº Rexistro: 6845
Data envío: 20/03/2017 18:14:54.856

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2017 18:13:20

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2017 18:13:22

Xosé Luis Bará Torres na data 20/03/2017 18:13:26

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2017 18:13:29

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodriguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A saúde é un ben básico de toda a cidadanía e a súa protección é un dereito constitucional recoñecido no noso país.

Hai máis de 18 anos que comezou a funcionar o Hospital Virxe da Xunqueira de Cee, a inauguración oficial foi o 16 de outubro do ano 1997.

Co paso dos anos véñense xerando novas necesidades sanitarias e demandas por parte da poboación, tales como, ampliación do servizo de reanimación, ampliación do servizo de nefroloxía, implantación de servizo de cardioloxía, ampliación de persoal de dixestivo, e outras. Todas elas recollidas xa nunha iniciativa do Grupo Socialista., o 14 de marzo deste ano.

Pero a maiores destas necesidades, existen varias denuncias por parte de familiares de pacientes e traballadores do Hospital de Cee pola baixada da calidade do servizo de cafetería, así como polo prezo elevado en relación a outros hospitais, como pode ser o da Coruña.

Por outro lado, as dietas que se ofrecen no Hospital non cumpren os criterios mínimos calóricos e nutricionais esixidos para garantir a boa alimentación dos doentes, xa que aínda que no cadro de persoal se contempla unha nutricionista, estas funcións están desempeñadas por unha auxiliar de dietética, que ademais fai funcións de camareira e pinche de cociña.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego da baixa calidade e o incremento de prezos do servizo da cafetería do Hospital de Cee?

2ª) Ten coñecemento o Goberno galego sobre a calidade das dietas que se están a servir ás persoas doentes do Hospital de Cee, no seu caso, cumpren as necesidades nutricionais e calóricas para garantir una alimentación que reúna as condición axeitadas para as persoas enfermas?

3ª) Ten coñecemento o Goberno galego do elevado prezo do menú do Hospital de Cee, en relación con outros centros sanitarios como o CHUAC, por exemplo?

4ª) Ten coñecemento o Goberno galego que a empresa SODEXO inclúe no cadro de persoal unha nutricionista, pero que a dita función é desempeñada por unha auxiliar de dietética que combina o seu traballo co de camareira e pinche?

5ª) Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para resolver esta situación?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 21/03/2017 12:19:04

Julio Torrado Quintela na data 21/03/2017 12:19:22

Noela Blanco Rodríguez na data 21/03/2017 12:19:35

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En xaneiro de 2017, a estimación da inflación do IPC en Galicia chega ata o 3,2%, por riba da media estatal (3%), incremento que se explica, segundo o INE, pola alza de prezos da electricidade e dos carburantes, a respecto da baixada que experimentaron o ano 2016.

Esta suba de prezos céntrase nos servizos básicos (sobre todo, vivenda, transporte, auga e enerxía), nun momento en que os salarios continúan estancados por efecto da crise.

Segundo o informe *“Las cifras de la Educación en España”*, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, o gasto que as familias pagan por servizos educativos a centros, academias e clases particulares (sen incluír os gastos en servizos complementarios nin en bens educativos) incrementouse durante a crise nun 32%.

A Consellería de Política Social –da que dependen as escolas infantís en Galicia– publicou no DOG do 8 de marzo de 2017 as resolucións polas que se convoca o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís de 0 a 3 anos dependentes do Consorcio de Igualdade e Benestar e da Axencia Galega de Servizos Sociais.

Segundo estas resolucións, “os prezos que deberán pagar as persoas usuarias serán os establecidos no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.”

Dito Decreto, actualizado por unha resolución do 21 de xullo de 2014, establece que “os prezos públicos se actualizarán cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma (IPC) no mes de xuño anterior.”

Así, en caso de confirmarse esta suba do IPC, prevese que os prezos das escolas infantís se actualizarán á alza durante 2017. De actualizarse coa suba do 3,2%, as taxas experimentarán unha alza de ata 7,60 € ao mes nas familias que teñan que abonar o prezo máximo, aquelas cuxos ingresos per cápita sexan máis de dúas veces o IPREM.

O indicador que se utiliza como referencia para a concesión de múltiples axudas sociais no Estado Español é o IPREM (Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples), que en 2017 permanece conxelado en 532,51 €, mentres que o SMI (Salario Mínimo Interprofesional) é en 2017 de 707,60 €, tras a última subida dun 8%. As C.A. poden utilizar como índice ou referencia de renda o IMPREM, pero “sen prexuízo da súa potestade para fixaren indicadores propios no exercicio das competencias que constitucionalmente lles correspondan” (R.D. Lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do SMI).

A lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, reconece no seu artigo 6, como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.



En atención ao referido, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta escrita:

Ten previsto a Xunta modificar o Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís, para non ter que actualizar os prezos automaticamente na mesma proporción que a variación interanual positiva do IPC?

Ten previsto a Xunta modificar o Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís, de xeito que se tome como referencia o SMI, en lugar do IPREM, para a fixación das taxas das escolas infantís?

Ten previsto a Xunta emitir un decreto para conxelar as taxas das Escolas Infantís no curso 2017-2018, atendendo á difícil situación socioeconómica das familias?

Ten previsto a Xunta de Galicia o desenvolvemento dunha rede de prazas públicas en Escolas Infantís que garanta o dereito efectivo ao ensino público na etapa de 0 a 3 anos?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/03/2017 12:25:20

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 29 de marzo de 2011, a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) interpuxo unha demanda contra o Banco Popular Español, SA e o Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, na que se solicitaba sentenza declarando abusivas unha serie de cláusulas nos contratos bancarios cos consumidores, entre as que estaba a relativa a gastos e tributos, que é a que xera esta nulidade dos gastos da hipoteca.

A dita demanda foi repartida ao xulgado do Mercantil número 9 de Madrid que ditou sentenza o 8 de setembro de 2011 declarando a nulidade dunha serie de cláusulas, sendo polo tanto unha estimación parcial, posto que non todas foron declaradas abusivas.

Esta sentenza foi recorrida en apelación tanto pola OCU como polos bancos. O recurso correspondeulle á sección 28ª da Audiencia Provincial de Madrid que ditou sentenza estimando o recurso da OCU e incluíu máis cláusulas abusivas que a primeira sentenza, e desestimou directamente o recurso dos bancos na súa totalidade.

Á vista disto, os bancos interpuxeron recurso extraordinario por infracción procesual e recurso de casación.

O Tribunal finalmente decidiu desestimar os recursos extraordinarios por infracción procesual e de casación interpostos polos bancos contra a sentenza do 26 de xullo de 2013, ditada pola Audiencia Provincial de Madrid.

O 23 de decembro de 2015 publicouse a resolución da Sa do Civil do Tribunal Supremo, Sentenza 705/2015, que veu declarar como abusivas unha serie de cláusulas dos contratos bancarios asinados con consumidores e, polo tanto, establece a nulidade dos gastos hipotecarios, concluíndo que no caso dos gastos derivados da constitución da hipoteca, o prestamista é o suxeito pasivo a favor do

Grupo Parlamentario

que se inscribe o préstamo, polo tanto é o obrigado ao pago na súa totalidade posto que obtén un título executivo, constitúe a garantía real e adquire a posibilidade de execución especial. Igualmente no referente ao Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, o prestamista se considera o suxeito pasivo, polo que debe aboar o imposto.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo anteriormente exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto o Goberno galego establecer un plan específico para apoiar ás persoas afectadas pola sentenza dos gastos hipotecarios, para que estes podan reclamar diante das entidades bancarias?

2ª) Ten previsto o Goberno galego negociar coas entidades bancarias un código de devolución dos gastos hipotecarios que facilite e acelere a devolución das cantidades cobradas indebidamente?

3ª) Ten previsto o Goberno galego reclamar ao Goberno central que estableza un proceso de axilización, control e responsabilidade corporativa por parte do sector bancario ante as demandas das persoas usuarias afectadas polos gastos hipotecarios?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/03/2017 17:12:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/03/2017 17:13:05

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na páxina web da Xunta de Galicia atopamos as seguintes notas de prensa en dous días consecutivos:

Primeira nota

Cospeito, 14 de marzo de 2017

Educación investirá preto de 467.000 euros na mellora enerxética do CPI Virxe do Monte, en Cospeito

O delegado territorial, José Manuel Balseiro, anunciou que a Xunta está redactando o proxecto técnico coa previsión de comezar as obras este verán.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai acometer este ano as obras de mellora enerxética no Centro Público Integrado (CPI) Virxe do Monte de Cospeito, por un importe estimado de preto de 467.000 euros cofinanciados con fondos Feder.

O delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro, visitou hoxe o colexio, onde deu a coñecer esta medida, que supón unha reforma ambiciosa que reportará maior confortabilidade aos usuarios e un aforro considerable nos custos de mantemento.

Grupo Parlamentario

Segunda nota

Guitiriz, 15 de marzo de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Educación investirá 467.000 euros na mellora enerxética do CEIP Lagostelle de Guitiriz

O delegado territorial, José Manuel Balseiro, anunciou que a Xunta está redactando o proxecto técnico coa previsión de comezar as obras este verán.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai acometer este ano as obras de mellora enerxética no Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Plurilingüe Lagostelle de Guitiriz, por un importe estimado de preto de 467.000 euros cofinanciados con fondos FEDER.

O delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro, visitou hoxe o colexio, onde deu a coñecer esta medida, que supón unha reforma ambiciosa que reportará maior confortabilidade aos usuarios e unha redución considerable dos custes de mantemento.

Resulta extraordinariamente rechamante o feito de que se anuncien en dous días consecutivos obras en centros da Terra Chá de idéntico importe, o que pode considerarse un feito digno de ser resaltado nos anais da orzamentación administrativa.

Aínda así, e con efectos meramente aclaratorios, a este grupo parlamentario interésalle aclarar se se trata da mesma obra, se o importe se refire ás dúas obras ou calquera outra combinación de posibilidades, por iso os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Os 467.000 € anunciados polo delegado da Xunta de Galicia en Lugo son para cada unha das obras, ou son para ambas conxuntamente?

 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/03/2017 19:44:08

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/03/2017 19:44:22

José Antonio Quiroga Díaz na data 21/03/2017 19:44:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na zona IXa, a porcentaxe de bocarte IX, (*Engraulis encrasicolus* ANE/09) correspondente ao caladoiro de Golfo de Cádiz é o 98,86 %.

Isto deixa unicamente o sur de Fisterra, para a flota galega, o que representa unha porcentaxe do 1,14 %.

O sector vén demandando a revisión desta cantidade por considerala insuficiente, e ademais porque se vén observando a abundancia de recurso.

A mediados de marzo, o cerco tiña xa esgotada a cota de anchoa que ten asignada para todo o ano, polo que a secretaria xeral de Pesca pechou a pesquería.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que opinión lle merece ao Goberno galego a insuficiente cantidade asignada á frota galega de bocarte na zona IXa, á vista dos datos actuais que implican que a mediados de mes de marzo xa se acadaron as cantidades establecidas para todo o ano?

2ª) Que xestións vai levar a cabo o Goberno galego para garantir unha maior representación da frota galega de bocarte na zona IXa?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2017



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2017 10:25:19

Julio Torrado Quintela na data 22/03/2017 10:25:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre as funcións que os Axentes Medioambientais non poden exercer por culpa de directrices da propia consellería e por falta de material.

Os axentes medioambientais son funcionarios e funcionarias que ostentan a condición de axente da autoridade pertencente a Administración Pública galega, e que, de acordo coa súa propia normativa ten encomendadas, entre outras funcións, as de vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos que conforman o patrimonio natural, e a de policía xudicial en sentido xenérico tal e como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de Axuizamento Criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces, tribunais e do Ministerio Fiscal.

Na actualidade o Corpo de Axentes Medioambientais está formado por uns 540 axentes, dos e das cales, uns 380 están adscritos a Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, dependente da Consellería de Medio Rural. O resto, uns 160 axentes, atópanse adscritos a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

O marco competente dos e das axentes medioambientais abrangue leis que van dende a Lei de Montes de Galicia, Incendios Forestais de Galicia, Conservación da Natureza, Caza de Galicia, Pesca Fluvial, ou Protección de Animais domésticos e Salvaxes en Catividade.

As competencias dos e das axentes nos distintos ámbitos (ordenación e produción forestal, patrimonio natural, etc...) son múltiples e de vital importancia para a supervivencia e protección do medio natural, e cultural dos montes de Galiza nos 19 Distritos Forestais que existen no país.

Existe unha falta clara e absoluta de directrices dirixidas o colectivo. Non existen coordinadores entre as direccións Xerais, Distritos e Xefaturas de Conservación da Natureza que “encaucen”, supervisen e dirixan as mesmas.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1.- Por que se eliminaron as cores específicas, o vinilo coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia e o servizo ao que pertencen (incendios, conservación da natureza, montes, etc...) dos vehículos oficiais dos e das Axentes Medioambientais?

2.- Por que non se dota á flota de vehículos dos e das Axentes Medioambientais con sistemas de iluminación prioritaria.

3.- Por que non existe unha uniformidade regulamentada como outros corpos de Policía Administrativa da Xunta.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017.



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/03/2017 11:20:36

Antón Sánchez García na data 22/03/2017 11:20:51

Marcos Cal Ogando na data 22/03/2017 11:21:02



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á valoración do Goberno galego da nova sentenza favorábel para Ventauria Enerxía Rural S.A que condena á Xunta de Galiza a pagar 840.000 euros máis por anular o concurso eólico do bipartito.

Durante os últimos anos numerosas sentenzas confirmaron o evidente fracaso do concurso eólico impulsado polo goberno do Sr. Núñez Feijoo, que xa naceu eivado ao botar abaixo o concurso anterior por sectarismo político e que se complementou con modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado para desincentivar a aposta por este tipo de enerxía.

Pasados os anos, as sentenzas ilustran como as presuntas “tachas de ilegalidade” do anterior concurso son un argumento sen sostibilidade e xa desmontado por sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo. Ben ao contrario, é o actual concurso eólico o que cada vez presenta máis indicios de dubidosa legalidade ao tempo que incumpre todos anuncios relativos ao investimento, á creación de emprego e á potencia instalada.

Deste xeito, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) recoñeceu en varias sentenzas o dereito de indemnización dos parques eólicos que foron aprobados durante o goberno bipartito e anulados pola Xunta de Galiza presidida por Núñez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Feijoo deixando constancia de danos evidentes e da existencia dunha responsabilidade patrimonial por parte do Goberno galego coa suspensión do proceso. Ás que se suman a sentenza que anula cobro de impostos a parques eólicos de xaneiro de 2016 ou a sentenza en contra do procedemento de valoración das ofertas do concurso de febreiro do mesmo ano. Desta vez, a Administración deberá pagar 840.000 euros máis por anular o concurso eólico do bipartito e abonar esa cantidade a Ventauría Enerxía Rural, grupo lucense que obtivera 160 megavatios no anterior período.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da última sentenza do TSXG que condena á Xunta a pagar 840.000 euros máis por anular o concurso eólico do bipartito?

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Xunta e Estado nomean na teoría dos seus plans de actuación pero que na práctica non levan a cabo.

Cómpre sinalar que todos os rexistros que se suprimirán en xuño no noso país están radicados no rural e que a supresión do servizo traerá como consecuencia que arredor de 76.000 galegas e galegos teñan que desprazarse a outras localidades para empregar este servizo, moitas veces con desprazamentos ilóxicos que nada teñen a ver cos que ordinariamente podería ter que realizar esa poboación. Ademais, basear a supresión deste servizo exclusivamente no número de asentos presentados ou en interinidades prolongadas na titularidade das prazas, obviando empregar criterios propios dun servizo público, como a proximidade á veciñanza e as características da poboación e do territorio, onde salientan o avellentamento, a dificultade para a mobilidade e a dispersión xeográfica carece de toda lóxica e obedece a un modelo de administración centralista que descoñece a realidade do noso país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego diante da supresión de dez rexistros da propiedade no rural do noso país?

- Que valoración fai o goberno galego das consecuencias que pode ter para a poboación dos concellos afectados ter que desprazarse a outros núcleos para usar estes servizos?

- Considera o goberno galego que os criterios avaliados polo goberno central para tomar esta decisión son adecuados?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tense dirixido ou vaise dirixir o goberno galego á FEGAMP e aos municipios galegos afectados para coñecer a súa opinión, o impacto da medida e o papel que debe ter a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2017 12:34:10

Ana Pontón Mondelo na data 23/03/2017 12:34:16

Olalla Rodil Fernández na data 23/03/2017 12:34:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/03/2017 12:34:30



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/03/2017 12:37

Nº Rexistro: 6966

Data envío: 23/03/2017 12:37:35.878

María Montserrat Prado Cores na data 23/03/2017 12:34:34

Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2017 12:34:36



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á actuación da Xunta de Galiza diante da decisión do goberno central de pechar 5 rexistros da propiedade de Ourense afectando a 38 concellos.

O pasado 4 de marzo saíu publicado no BOE o Real Decreto 195/2017, de 3 de marzo, polo que se modifica a demarcación dos Rexistros da Propiedade, Mercantís e de Bens Móbeis. Neste Real Decreto suprimense 10 Rexistros da Propiedade en Galiza dos que 5 están situados na provincia de Ourense, afectando concretamente a Bande, Celanova, Pobra de Trives, Ribadavia e Viana do Bolo, concellos todos eles do rural.

Nun contexto socioeconómico no que a provincia de Ourense perdeu un 5% de poboación nos últimos 8 anos e no que o continuo recorte de servizos da administración central está a contribuír a desincentivar a fixación de poboación, esta nova decisión só fai afondar nese camiño. Este tipo de decisións tomadas baixo criterios non racionais e descoñecendo o territorio sobre as que se aplican repercuten de forma negativa nas posibilidades de fixación de poboación nun rural e afástase do necesario reequilibrio territorial.

Con esta reforma, en Ourense, a zona máis afectada, os rexistros de Bande e Celanova dependerán de Allariz, o de Viana do Bolo do de Verín e finalmente o de Ribadavia do rexistro da propiedade situado no concello de O Carballiño. Esta



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ordenación imposta polo goberno do Estado non tivo diálogo previo coas localidades afectadas e baséase exclusivamente no número de asentos presentados ou en interinidades prolongadas na titularidade das prazas, obviando empregar criterios propios dun servizo público, como a proximidade á veciñanza e as características da poboación e do territorio, onde salientan o avellentamento, a dificultade para a mobilidade e a dispersión xeográfica carece de toda lóxica e obedece a un modelo de administración centralista que descoñece a realidade do noso país.

Por poñer un exemplo, a demarcación territorial do Rexistro da Propiedade de Viana do Bolo englobaba até o momento os concellos de Viana do Bolo, Vilariño de Conso, O Bolo, A Mezquita e A Gudiña. A oficina situada en Viana do Bolo era atendida por dúas persoas administrativas e asistía a persoa rexistradora unha vez a semana, por estar vacante a praza, cuestión allea á responsabilidade das poboacións afectadas e só imputábel á organización administrativa do goberno central. O territorio desta demarcación ten unhas características determinadas: conta cunha extensión aproximada de 840 km² e 7100 habitantes. Estas cifras dan unha idea das dimensións e da dispersión da poboación que hai nestes concellos. Esta demarcación ten ademais raíces históricas e de identidade e funciona ininterrompidamente dende fai máis dun século.

Cómpre sinalar que todos os rexistros que se suprimirán en xuño no noso país están radicados no rural e que a supresión do servizo traerá como consecuencia na provincia de Ourense a afectación a máis de 58.000 concellos distribuídos en 38 dos 92 concellos que ten a provincia e que se verán obrigados a enfrontar un novo hándicap por viviren nestes lugares. Máis aínda, cómpre recordar que este é un servizo pagado pola cidadanía e que polo tanto nin sequera se pode imputar esta nova minoración de servizos ao aforro e á austeridade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, diante desta cuestión está a haber unha coincidencia entre as alcaldías afectadas, de diferente cor política e a propia Deputación Provincial, polo que é necesario que tamén a Xunta de Galiza se posicione a carón da poboación ourensá e lle lance unha mensaxe de oposición ao recorte deste servizo no rural galego.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego diante da supresión de 5 rexistros da propiedade na provincia de Ourense?
- Ten avaliado ou vai avaliar o goberno galego o impacto que ten a perda de servizos no rural de Ourense de cara aos retos de fixación de poboación?
- Considera o goberno galego que os criterios avaliados polo goberno central para tomar esta decisión son adecuados?
- Tense dirixido ou vaise dirixir o goberno galego á FEGAMP e aos municipios galegos afectados para coñecer a súa opinión, o impacto da medida e o papel que debe ter a Xunta de Galiza, especialmente en casos como os de Ourense, que recibe o 50% do recorte?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/03/2017 13:08:39

Ana Pontón Mondelo na data 23/03/2017 13:08:51

Olalla Rodil Fernández na data 23/03/2017 13:08:57

María Montserrat Prado Cores na data 23/03/2017 13:09:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/03/2017 13:09:05

Xosé Luis Bará Torres na data 23/03/2017 13:09:07

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Axencia Galega das Industrias Culturais acaba de facer pública a resolución da convocatoria de subvencións a festivais do sector audiovisual para 2017 na que deixa fora a cinco dos festivais mais relevantes de Galicia.

En efecto, o Agadic non concede ningún tipo de axuda ao Festival de Cans (por primeira vez en catorce anos), Curtocircuito, Cineuropa, Freakemacine e Primavera de Cine alegando un defecto de forma na entrega da documentación.

Nesta convocatoria, por primeira vez, estas axudas tiñan como requisito obrigatorio ser presentadas por vía electrónica sen que se establecera ningún tipo de asistencia para solucionar os problemas que se sucederon de forma continúa.

Todos os festivais apartados das subvencións tiveron problemas para acceder a sede electrónica e rexistrar as súas solicitudes, polo que a maioría decidiron enviar a documentación necesaria por correo certificado dentro do prazo marcado pola convocatoria.

Esta documentación non foi aceptada pola comisión avaliadora que decidiu deixar fóra a solicitude dos cinco festivais citados sen tentar buscar unha solución ao que claramente derivaba de problemas ca sede electrónica da Xunta, o que por certo é moi usual para as peticións de todo tipo de axudas e subvencións.

Esta decisión é moi grave dende noso punto de vista porque pon en perigo a celebración dos festivais de cine máis importantes de Galicia o que afecta ao sector, pero tamén aos espectadores, e dende logo está nas antípodas das obrigas do Agadic que é impulsar o audiovisual.

No caso do Festival de Cans, moi coñecido tamén fora de Galicia e polo tanto moi importante para a difusión da nosa cultura, a subvención do Agadic supón o 25% do seu orzamento total a pesar de ser en números absolutos unha cantidade cativa de 29.000 euros, e que non a perciba o deixa nunha situación de incertidume a un mes da súa celebración.

E a todo isto hai que unir o feito da escasa axuda que a Consellería de Cultura ofrece a estes festivais porque a cantidade global da convocatoria era de tan só 150.000 euros.

 Grupo Parlamentario

Cremos que o Agadic ten que buscar unha solución para este problema porque non pode poñer en perigo a realización destes cinco festivais audiovisuais e que é o Conselleiro de Cultura o que tamén ten que responder e explicar esta inaceptable situación.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Como valora o conselleiro de Cultura que cinco dos mais importantes festivais do cine de Galicia non teñan subvención do Agadic en 2017?
- 2.^a) Como valora o conselleiro de Cultura a actuación do Agadic na concesión de subvencións aos festivais audiovisuais para o ano 2017?
- 3.^a) Preocúpalle ao Sr. conselleiro de Cultura a posibilidade de que estes cinco festivais non podan realizarse en 2017 pola falta de axudas?
- 4.^a) Pensa que esta é a maneira de impulsar o audiovisual e a nosa cultura?
- 5.^a) Pensa o Sr. conselleiro de Cultura buscar algunha solución ao problema destes cinco festivais de cine?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/03/2017 13:11:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/03/2017 13:12:09

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

De forma esperpéntica, a demografía é utilizada para xustificar a supresión dun servizo público na nosa Comunidade Autónoma. O Real decreto 195/2017 do Ministerio de Xustiza que recolle a agrupación de Rexistros da Propiedade afectará a 9 rexistros repartidos por Galicia, sendo Ourense a provincia máis afectada.

Así, Bande e Celanova dependerán agora do rexistro de Allariz; Ribadavia, Verín e Viana do Bolo de O Carballiño; Muros de Corcubión; Quiroga de Monforte; A Fonsagrada de Ribadeo e Becerreá de Sarria e, en Pontevedra, Ponte Caldelas de Redondela. Todos pasan a ser só oficinas de recepción de documentos.

E todo sen consenso dos máis importantes neste asunto, os concellos. De feito, nestes días a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade demandar ao Ministerio de Xustiza, mediante unha circular urxente, que manteña abertos todos os Rexistros da Propiedade que existen a día de hoxe en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Está de acordo o Goberno galego coa supresión do servizo público dos Rexistros da Propiedade en Galicia que fai o Real decreto 195/2017 do Ministerio de Xustiza do Goberno de España?
2. Houbo negociación cos concellos de Galicia ou coa Fegamp para a súa supresión?
3. Entende o Goberno galego que esta supresión de servizos no rural vai en contra do reequilibrio territorial?

 Grupo Parlamentario

4. Sabe o Goberno galego cantos postos de traballo se van destruír con esta decisión?
5. Esixiu ou vai esixir o Goberno de Galicia ao Goberno do Estado o mantemento dos Rexistros da Propiedade suprimidos?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 16:10:32

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2017 16:10:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2017 16:10:42

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A auga é unha realidade económica e un recurso imprescindible no mantemento dos ecosistemas pero, sobre todo, é un dereito esencial para a vida e a dignidade dos seres humanos, tanto que resulta obrigado para os gobernos garantir a calidade de vida da súa cidadanía, o respecto polo medio ambiente e a solidariedade cos máis desfavorecidos e coas xeracións vindeiras. Os servizos de auga e saneamento están vinculados a dereitos humanos e non poden ser xestionados só dende a lóxica do mercado; isto faise especialmente visible en momentos de crise económica, cando as familias se enfrontan a decisións tan dramáticas como as de elixir entre necesidades vitais.

O recoñecemento en xullo de 2010 por parte da Asemblea Xeral de Nacións Unidas do acceso básico á auga e saneamento como un dereito humano ten relación directa coa condición da auga como ben público, base da vida e da economía e garante do ben común. Por iso ningunha familia pode ser privada do subministro de auga e do servizo de saneamento para cubrir as súas necesidades vitais básicas por razóns económicas. E hai que facer viable en termos legais este compromiso, porque de pouco serve recoñecer que a auga é un dereito, se non se poñen os medios precisos para facelo efectivo.

Precísase unha xestión integral do ciclo da auga como recurso público estatal que garanta o acceso de todos os cidadáns a este recurso. Garantía que abarque o abastecemento, a calidade e a seguridade para a saúde das persoas, o mellor tratamento posible para os vertidos das augas residuais e a protección dos ecosistemas acuáticos, arbitrando especiais medidas de protección para aqueles territorios que sexan depositarios de masas de auga para abastecemento.

 Grupo Parlamentario

Hoxe máis que nunca é preciso resaltar as tres calidades que colocan á auga por riba de calquera outra consideración de orden político ou económico: a auga é un elemento indispensable para a vida do planeta, un ben público e un dereito recoñecido. E estas tres premisas definen os principios da política que os socialistas defendemos en materia de auga:

1. A sostibilidade na planificación e a xestión.
2. A defensa da titularidade pública do ben fronte a calquera intento de privatización.
3. A seguranza do subministro de auga para todos a cidadanía.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Comparte o Goberno galego que a auga é un ben público e un dereito recoñecido?
2. Está o Goberno galego a favor da sostibilidade na planificación e a xestión da auga?
3. Vai defender o Goberno galego a titularidade pública da auga fronte a calquera intento de privatización?
4. Vai defender o Goberno galego a seguranza do subministro de auga para toda a cidadanía?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 16:12:46



 Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 23/03/2017 16:12:51

María Luisa Pierres López na data 23/03/2017 16:12:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nos plans do Goberno galego de unificación de centros médicos está, nun prazo de 3 meses, a supresión do Centro de Saúde de Soutelo de Montes, derivando o persoal e os/as doentes a Forcarei. Segundo explican dende o Sergas, será así “un modelo máis proactivo”.

O certo é que vai ser ben difícil que en Soutelo de Montes se dea unha resposta axeitada ás necesidades asistenciais e ás propias persoas usuarias do sistema sanitario público eliminando o centro de saúde. Porque esta decisión non ten sentido e o que vai facer será causar un grave prexuízo aos veciños da zona, onde hai moitas atencións domiciliarias a xente maior que carece de vehículo particular e sen transporte público para se desprazar a Forcarei. O Centro de Saúde de Soutelo de Montes atende a persoas maiores de moitos lugares da zona: Pardesoa, Trasdamente, Presqueiras, Sanguñedo, Ventoxo, Vilariño ou Millerada. Existen casos nos que xa se teñen que desprazar a Soutelo en taxi, non se lles pode pedir que paguen a maiores ir ata Forcarei con pensións tan pequenas e as idades que teñen. Iso sen contar con que un dos médicos de Soutelo suma 800 cartillas e outro unhas 600 e que esta decisión de peche podería supoñer que moitos dos veciños da zona de Presqueiras, Ventoxo e Soutelo de Montes marchasen a Cerdedo por ter alí mellores comunicacións.

Hai un profundo malestar veciñal e nin o Sergas nin o Concello de Forcarei dan explicación algunha.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que explicacións dá o Goberno galego sobre o peche do Centro de Saúde de Soutelo de Montes e as negativas consecuencias que traerá para a zona en termos asistenciais?
2. Considera o Goberno galego que esta proposta é un agravio aos veciños e veciñas do concello de Forcarei?
3. Ten coñecemento o Goberno galego de que máis do 40 % da poboación de Forcarei ten máis de 65 anos?
4. É o peche de centros de saúde no rural a política do Goberno galego para evitar a perda de poboación?
5. Vai pechar o Goberno galego o Centro de Saúde de Soutelo de Montes, no concello de Forcarei?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 16:22:58

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2017 16:23:04

Noela Blanco Rodríguez na data 23/03/2017 16:23:09

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O conselleiro de Emprego, Economía e Industria da Xunta de Galicia vén de manifestar no Parlamento de Galicia que a empresa Pescanova non tiña recibido fondos públicos do Goberno autonómico.

Por todo o exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é a totalidade das axudas concedidas a todas es empresas do grupo empresarial Pescanova dende xaneiro de 2009 ata decembro de 2016?

Desglose no que conste:

- A data de concesión.
- O sociedade destinataria das mesmas.
- A contía das axudas.
- O organismo da Xunta que concedeu a axuda.
- O concepto das mesmas.

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:34:01

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Comité de Empresa de Compostela do Grupo Norte-Limpeza da Xunta de Galicia dirixiuse aos grupos parlamentarios para expoñer irregularidades que están a apreciar na licitación actual dos servizos de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia.

Pola súa parte, as catro asociacións provinciais de Empresarios da Limpeza de Edificios e Locais veñen de transmitir a súa preocupación e inqueda neste sector pola convocatoria deste "macroconcurso".

Concretamente, refírense os axentes económicos e sociais á licitación anunciada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza mediante Resolución publicada no DOG núm. 17 do 25 de xaneiro de 2017, suxeita a regulación harmonizada, *do servizo de limpeza dos edificios administrativos e outros locais do sector público autonómico e doutros organismos e administracións adheridos a este sistema de contratación centralizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, adxudicación baseada en multicriterios e como anticipado de gasto.*

O valor total estimado deste contrato ascende a 45.103.279,32 euros, sen división en lotes, e con un prazo de execución de vinte e catro meses, prorrogable por un prazo máximo igual ao do contrato.

O prazo de presentación de ofertas ten rematado o pasado 13 de febreiro de 2017, e con data 23 de febreiro realizouse a apertura do sobre B "Documentación relativa aos criterios de adxudicación non avaliados automaticamente".

O dito Comité de empresa esixe a paralización desta licitación xa que por parte da Consellería non se lle ten enviado a documentación relativa á oferta presentada pola actual adxudicataria, que contén información de carácter laboral precisa para verificar o cumprimento do contrato e a corrección das prescricións

Grupo Parlamentario

da actual licitación en materia de cadro de persoal, compromisos de substitucións e quendas de traballo.

Neste sentido, obsérvase que son moitas as consultas e dúbidas que as empresas interesadas formularon no perfil do contratante para esta licitación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As asociacións empresariais do sector consideran que mentres a normativa comunitaria, e a propia lexislación da Xunta de Galicia, camiña decididamente a favor de facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos, paradoxalmente, na práctica encontrámonos coa decisión do Goberno galego, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de licitar este concurso para os servizos de limpeza dos edificios administrativos e outros locais da Xunta por un importe de 45 millóns de euros, impedindo de forma clara a participación das pequenas e medianas empresas do sector. O importe acumulado deste contrato, a falta de división en lotes, exclúe directamente ás Pemes, que non poden facer fronte ás condicións económicas desta licitación.

Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a Xunta de Galicia continuar con esta licitación sen ter en conta as queixas e as denuncias formuladas tanto polo Comité de empresa como polas asociacións provinciais de empresarios de limpeza?

2ª) Considerando o obxecto do contrato, a variedade e a distribución xeográfica e funcional dos centros incluídos nos servizos que se licitan, cal é razón de non dividir en lotes este contrato?

3ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos con carácter xeral, e con carácter concreto no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2017 16:25:16



 Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 16:25:28

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2017 16:25:37

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:25:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A caracterización socio-laboral dos autónomos en Galicia, mostra importantes debilidades á hora de consolidar as súas posicións económicas. Dous terzos do número total de autónomos/empresarios e autónomas/empresarias son persoas físicas, case catro de cada cinco non teñen asalariados e asaliaradas ao seu cargo e máis dun terzo das autónomas persoas físicas de Galicia teñen máis de 55 anos. Ademais, a súa capacidade de aproveitamento das novas tecnoloxías é moi escasa. Calcúlase que un 10 % de este colectivo xubilárase anualmente nos próximos anos.

No medio prazo, un número moi importantes de autónomos pasarán a situación de xubilación, moitos pecharán os seus negocios por causas económicas ou organizativas e outros moitos estarán en tránsito de abandono, reducindo de forma significativa a súa actividade. Por tanto, perderanse un número moi elevado de negocios que non parece que vaian ser substituídos directamente no tecido empresarial.

Nun país con graves problemas demográficos, despoboamento, dispersión da poboación e tendencia á concentración na franxa atlántica, o arraigamento dos autónomos no territorio é estratéxico.

Mentres se producen estes peches, un número importante de mozos asumen realizar unha actividade por conta propia, pero atopan dificultades para a súa integración xa que na maior parte dos casos, abordan negocios de nova creación e con moito risco, ademais sen unha preparación práctica suficiente.

Neste contexto resulta de gran interese arbitrar programas concretos de apoio para facilitar a substitución xeracional no traballo autónomo, para tentar dar resposta á necesidade de continuidade dunha parte destes negocios.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente a Xunta de Galicia das dificultades que teñen en moitos casos os autónomos e as autónomas próximos e próximas á xubilación para a continuidade dos seus negocios?
2. É consciente a Xunta de Galicia da importancia que teñen os pequenos/as autónomos/as na articulación territorial do país?
3. Cree a Xunta de Galicia que é estratéxico para o país non perder o *know-how* acumulado nos negocios dos/as autónomos/as ante o momento da súa xubilación?
4. É consciente das grandes dificultades de inserción laboral que atopan os mozos e as mozas en Galicia, independentemente da súa cualificación?
5. Ten a Xunta de Galicia algún plan definido e concreto para abordar esta problemática?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:54:12

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/03/2017 16:54:18

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez , José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Fai case un ano, nun contexto de dificultades obxectivas para o sector da construción naval civil, os socialistas subscribimos a idea lanzada polo presidente da Cooperativa de Armadores de Vigo (Arvi), no transcurso da presentación das xornadas técnicas da sexta edición de Navalia, para que a renovación da flota galega de altura que faena en caladoiros de terceiros países a través de empresas mixtas, se realizara na medida do posible en estaleiros galegos. Esta proposta foi rexeitada no seu momento polo Partido Popular no Parlamento de Galicia.

As oportunidades de negocio, a pesar dos escasos reflexos da Xunta de Galicia, seguen aí. A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) ten en carteira proxectos para construír unha decena de buques pesqueiros, na que sería a segunda oleada para a renovación da flota en Vigo despois da anunciada na pasada edición de Conxemar. O montante total de este megaproxecto supera os 100 millóns de euros.

É un feito manifestado en moitas ocasións que a flota viguesa está a perder terreo fronte aos países asiáticos, de forma que xa só representa o 0,5 % das capturas a nivel mundial, e que a media de idade dos buques supera amplamente o trinta anos, polo que é "urxente" abordar a súa renovación para seguir sendo competitivos.

Neste contexto, en tendo en conta as declaracións do conselleiro Francisco Conde subliñando que o futuro do naval pasa pola innovación e pola diversificación, como o único camiño ao éxito, pensamos que é o momento de que a Xunta de Galicia se comprometa con apoio institucional e orzamentario.

Temos que ser conscientes que case a metade dos pesqueiros rexistrados en Galicia superan os 30 anos de antigüidade, que ten de media a flota na

 Grupo Parlamentario

Unión Europea. A pesca é o osíxeno dos pequenos estaleiros, que teñen na actualidade ao menos quince pesqueiros en carteira, desde palangreiros de superficie a superarrastreiros de 80 metros de eslora, con un valor total aproximado superior aos 250 millóns de euros.

Trátase de atopar fórmulas que aseguren a renovación da flota pesqueira nos estaleiros da comunidade, tendo en conta os datos que deben axudar a valorar a importancia de este segmento de actividade para o sector da construción e reparación naval.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten avaliado a Xunta de Galicia neste último ano o impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a flota pesqueira de altura nos nosos estaleiros?
2. En caso de non ser así, ten pensado facelo?
3. Si xa se ten producido algunha xuntanza, cal é a posición da Xunta de Galicia a hora de apoiar a este sector ante as anunciadas posibles inversións da flota pesqueira de altura?
4. Ten algunha estratexia definida a curto e medio prazo?
5. Cales serían as liñas de apoio principais que conformarían esta estratexia?
6. Ten mantido contacto cos diversos organismos do Goberno de España que se poderían involucrar no proxecto?
7. E cos organismos europeos?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

María Dolores Toja Suárez

Julio Torrado Quintela

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:59:48

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/03/2017 16:59:54

María Dolores Toja Suárez na data 23/03/2017 16:59:59

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2017 17:00:09

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As estradas da rede primaria e secundaria, en especial as do litoral, son as principais afectadas polo aumento do parque automovilístico. E no caso do concello de Moaña, estas estradas son as peor asistidas, por non dicir desatendidas, polo Plan de mobilidade viaria da Península do Morrazo.

A alta ocupación destas vías nos pasados meses e ata o momento actual, por mor dos cortes intermitentes do corredor do Morrazo durante as obras de desdoblamento, non fixeron máis que agravar as problemáticas destas vías.

Na PO-551, no seu tramo por Moaña, son múltiples os problemas de seguridade viaria e accesibilidade da mesma. Son tamén continuos os problemas de afundimentos nas beirarrúas, mal estado do firme nalgúns tramos do vial e desprendementos en zonas de taludes.

O mal estado da beirarrúa por roturas constantes nas baldosas se concentra no tramo entre Caiagua e a Porta do Sol, na parroquia de Domaio. Neste lugar é necesaria a adaptación urxente da parada de autobús para persoas con mobilidade reducida. É norma habitual que o autobús teña que parar en lugar previo e non habilitado para favorecer que as persoas en cadeira de rodas poidan baixar do autobús, xa que a altura da parada impide facelo fisicamente e coa seguridade que sería desexable, xa que os usuarios con discapacidade véñense obrigados logo a transitar pola propia estrada.

É tamén precisa unha zona de tránsito peonil na recta da Borna por ser o único tramo da PO-551 que carece de beirarrúas, o que obriga aos veciños e veciñas a transitar polo beiravía da estrada.

 Grupo Parlamentario

E de xeito xeral faise necesaria a adaptación urxente dos pasos entre beirarrúas, posto que a día de hoxe incumpren coa normativa de accesibilidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece o Goberno galego a situación deficitaria das beirarrúas da estrada PO-551, no seu paso por Moaña, e principalmente no tramo entre Caiagua e a Porta do Sol , na parroquia de Domaio?
2. Considera que esta estrada está preparada para dar un correcto servizo aos peóns e persoas usuarias de mobilidade reducida?
3. Ten pensado acometer as obras necesarias de mellora da seguridade vial e de accesibilidade nesta estrada (no seu tramo de competencia autonómica) durante o ano 2017?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

 Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 23/03/2017 17:22:24

Raúl Fernández Fernández na data 23/03/2017 17:22:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 17:22:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito**.

A labor que as traballadoras sociais sanitarias desempeñan no Sistema Sanitario, ten entidade propia e non está vinculado a ningunha outra área específica, sendo un servizo central das EOXIS que traballa transversalmente con todos os servizos asistenciais, dando cobertura ás distintas modalidades de atención á saúde e polo tanto con todos os profesionais (facultativos, enfermaría, admisión, facturación, servizos sociais, recursos sociosanitarios...).

O traballo social require de metodoloxía, técnicas e coñecemento científico que non está vencellado a ningunha outra área ou disciplina profesional.

As traballadoras sociais sanitarias nos informan da súa preocupación e falta de información sobre a suposta redacción por parte da Xunta dun novo Decreto relacionado coa regulación das estruturas da EOXIS onde se pretende que o traballo social dependa do Servizo de Admisión.

Por todo o anterior o Grupo de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- **É certo que a Xunta de Galicia está traballando na redacción dun novo Decreto que regule as estruturas das EOXIS?**
- **En que consiste dita regulación?**



- **Contempla a Xunta que Traballo Social dependa do Servizo de Admisión?**

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/03/2017 17:57:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5810**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á presentación e tramitación das solicitudes de subvención formuladas polos concellos, ao abeiro da Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario do Plan Hurbe, así como a data de esgotamento do crédito inicialmente previsto nela”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 15.03.2017- pola directora xeral de Ordenación do Territorio ao darlle resposta á pregunta 3714 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 669e7588-13c7-4758-46b4-efc9c8345223

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 12:28
Nº Rexistro: 6960
Data envío: 23/03/2017 12:28:07.433

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/03/2017 12:27:52

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727